

## Acta da sesión extraordinaria da Corporación do Concello de Cerceda celebrada o día 10 de xullo de 2019.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as oito horas e vinte minutos do día 10 de xullo de 2019, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

### Asistentes:

#### Grupo Municipal Socialista:

D. José García Liñares.  
D. Juan José Rodríguez García.  
Dna. Cristina Capelán Cancelo.  
D. Francisco Javier Boquete Cambón.  
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.  
D. Jesús Rama Bello  
Dna. Catrina Queijo García

#### Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro  
Dna. Celia López Pallas.  
Dna. Luz M<sup>a</sup> Bello Vazquez  
D. Jesús Picon Pardo

#### Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro.

Non asiste a concelleira do Grupo Municipal do PP, dona Lorena Bello Juncal.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

### Orde do día

#### Acordos

**Primeiro:** Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia de aprobación definitiva da alteración da calificación xurídica (desafectación) do sector do camiño público 1C.1.1190, entre o punto de inicio do mesmo no Lugar de Lodeiro de Abaixo e o punto p+72 m. (Exp. 2018/X999/000352).

**Segundo:** Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia de designación de Xuíz de Paz titular.

**Terceiro:** Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de Alcaldía-Presidencia de aprobación de recoñecemento extraxudicial de facturas.

**Cuarto:** Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia da modificación de crédito 19/2019: Suplemento de crédito.

**Quinto:** Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia da modificación de crédito 20/2019: Incorporación de remanente.

#### Acordos

**Primeiro: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia de aprobación definitiva da alteración da calificación xurídica (desafectación) do sector do camiño público 1C.1.1190, entre o punto de inicio do mesmo no Lugar de Lodeiro de Abaixo e o punto p+72 m. (Exp. 2018/X999/000352).**

O Alcalde-Presidente da lectura á proposta ditaminada que se transcribe:

#### <<Antecedentes

Mediante escrito remitido por dona M<sup>a</sup> Clarisa Silveira Ramas pónse de manifesto unha situación de feito, e irregular polo tanto, consistente nunha permuta de facto realizada con ausencia total e absoluta do procedemento establecido entre os

primeiros 72 metros do camiño co ordinal 1C.1.1190 e os terreos necesarios para a construción dun sector do camiño 1C.1.0798.

A corrección dos vicios do que adolece dito negocio xurídico topa co obstáculo, de rango constitucional como son os principios de inalienabilidade, imprescriptibilidade e inembargabilidade dos bens demaniais, ex artigo 132.1 da Constitución. A adaptación ao mundo xurídico da realidade dos feitos, no que dito sector de camiño a pesar de su carácter demanial está ocupado polo antigo propietario do novo camiño, esixe antes do formalizar o negocio xurídico da permuta de bens demaniais, a súa previa desafectación do demanio, mediante o procedemento de alteración de alteración da calificación xurídica do artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño. Aprobado inicialmente polo Plenario do Concello o 31 de xaneiro de 2019, o expediente foi sometido a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio publicado no BOP (núm. 52, de 15 de marzo), sen que se tiveran presentadas alegacións en dito prazo.

### **Fundamentos xurídicos**

Segundo o artigo 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a alteración da calificación xurídica dos bens das Entidades Locais require expediente no que se acrediten a oportunidade e legalidade.

No desenvolvemento do citado precepto legal, o artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, o procedemento, unha vez acreditada a oportunidade e legalidade e cumprida a información pública, deberá ser resolto mediante acordo da Corporación adoptado co voto favorable de maioría absoluta do número legal de membros da mesma.

No exercizo da atribución conferida polo artigo 47.2 n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sométese a aprobación do Concello Pleno o seguinte

### **Acordo**

**Primeiro.** Aprobar definitivamente a alteración da calificación xurídica do sector do camiño público 1C.1.1190, entre o seu punto de inicio no Lugar de Lodeiro de Abaixo e o punto p+72 m., consistente na desafectación do uso público e a súa desafectación como ben patrimonial (Exp. 2018/X999/000352).

**Segundo.** Proceder á correspondiente rectificación do Inventario municipal de Bens.>>

*\*Non se producen intervencións.*

Sometida pola Presidencia a proposta a votación ordinaria, resulta aprobada por once votos favorables e unha abstención.

### **Segundo. Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia de designación de Xuíz de Paz titular.**

O Alcalde-Presidente da lectura á proposta ditaminada que se transcribe:

<<A vista das dúas solicitudes formuladas para o cargo de Xuíz de Paz deste Concello, reunindo ambas capacidade e méritos suficientes; propónse aceptar a da persoa que viña ostentado dito cargo. En cumprimento do establecido no art. 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo do Poder Xudicial, e polo que se  
Según o artigo 97.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en relación co artigo 82.3 do citado Regulamento, elévase a Dictame da Comisión Informativa Xeral do Concello a seguinte proposta para o seu debate e informe:

### **PROPÓN**

**Primeira.** Propoñer como xuíz de paz deste Concello a D. MELCHOR IGLESIAS GARCIA.

**Segundo.** Enviar o acordo o Tribunal Superior de Xustiza para que proceda a súa designación.>>

*\*Non se producen intervencións*

Sometida a proposta a votación ordinaria pola Presidencia, resulta aprobada por unanimidade.

### **Terceiro. Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de Alcaldía-Presidencia de aprobación de recoñecemento extraxudicial de facturas.**

O Alcalde-Presidente da lectura á proposta que se transcribe a continuación:

**<<Antecedentes**

No exercicio anterior leváronse a cabo determinados gastos correspondentes a suministro de bens e prestacións de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais, e a prestación dos servizos xestionados por este Concello, gastos que se realizaron sen contar co oportuno crédito orzamentario, ou sen seguir o procedemento legalmente establecido. Incluso algunhas facturas emitidas relativas ós mesmos, rexistráronse ó final do exercicio, polo que non houbo tempo á súa tramitación, obrigas que a continuación se detallan (32 facturas, por importe total de 59.461,65 euros):

Rexistro	TEDEC	N.factura	Terceiro	Concepto	Importe	Partida
2018/3865	2018/T003/003866	28-K8M0-246343	TELEFONICA SERV. MOVILES	Contrato M2M gprs pymes	24,73	2019 920 22200
2018/3866	2018/T003/003867	28-K8M0-024940	TELEFONICA SERV. MOVILES	Tarifa a Móvil del Puesto Fijo	130,97	2019 920 22200
2018/3867	2018/T003/003868	28-K8M0-437166	TELEFONICA SERV. MOVILES	Fusion Empresas 2014	1,16	2019 920 22200
2018/3868	2018/T003/003869	TA60G0181174	TELEFONICA DE ESPAÑA,S.A.	Periodo regular de cuotas (01 Nov. a 30 Nov. 18)	1.362,46	2019 920 22200
2018/4042	2018/T003/004053	Emit- 1800685	AGRO FERRETERIA	MATERIAL OBRAS	281,26	2019 450 22199
2018/4254	2018/T003/004266	A 82	EDUKAJUDO	CLASES DE JUDO E.D.M. NOVIEMBRE	1.107,00	2019 341 22799
2018/4268	2018/T003/004280	18F1364B00000146	AVORIS RETAIL DIVISION S.L.	Billetes de Avion Coruña - Londres 21 a 24 de noviembre	282,00	2019 334 22699
2018/4675	2018/T003/004688	27/18	MICHAEL GESTAL QUEIJAS (CARPINTERIA GESTAL )	FABRICACION E COLOCACION DE ESTANTERIAS	703,29	2019 920 62500
2018/4729	2018/T003/004742	1181200198	KILOVATIO GALICIA, S.A.	MATERIAL ELECTRICO	3.473,86	2019 165 22199
2018/4735	2018/T003/004748	1181200945	KILOVATIO GALICIA, S.A.	MATERIAL ELECTRICO	2.951,17	2019 165 22199
2018/4747	2018/T003/004760	2018/F5 001416	GASOLEOS A SILVA S.L.	GASOLEO PISCINA CERCEDA	925,84	2019 342 22103
2018/4752	2018/T003/004765	2018 322	FRIO CERCEDA, S.L.	CAMBIO SONDA DE TEMPERATURA PISCINA	539,06	2019 342 21300
2018/4753	2018/T003/004766	2018 334	FRIO CERCEDA, S.L.	REVISAR INSTALACION CLIMA PISCINA CERCEDA	321,86	2019 342 21300
2018/4762	2018/T003/004775	2018/F5 001427	GASOLEOS A SILVA S.L.	GASOLEO CALEFACCION CENTRO MEDICO DE A SILVA	558,77	2019 312 22103
2018/4776	2018/T003/004789	Emit- 41	ESCUELA DE MUSICA PRESTO VIVACE S.L	SERVICIO DE ACTIVIDAD DE MUSICA Y BAILE ( Según contrato	3.655,55	2019 334 22799

				administrativo formalizado del 4 de febrero de 2013 )		
2018/4779	2018/T003/004792	2018 0565	OFINOLTA, S.L.	CTTO MANTENIMIENTO COPIADORA CTRO MÉDICO A SILVA	90,96	2019 312 21300
2018/4780	2018/T003/004793	60-L898-412280	TELEFONICA DE ESPAÑA,S.A.	FACTURA CONCERTADA EMPRESAS	275,43	2019 920 22200
2018/4791	NO TEDEC	4521	CARMEN Mª. PREGO LAMAS	DESPOLAZAMENTOS OUTUBRO, NOVIEMBRE DECEMBRO	63,65	2019 330 23120
2018/3746	NO TEDEC	normal A18-1486	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A.	Cambio de unidades higiénicas correspondientes al mes de septiembre	72,60	2019 920 22700
2018/3768	NO TEDEC	102 01800432	COGAMI RECICLADO DE GALICIA , S.L	RECOGIDA DE RESIDUOS SELECTIVA Y PAP Del 01/09/2018 al 30/09/2018	204,00	2019 1621 22799
2018/3744	NO TEDEC	normal A18-1487	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A.	CONTROL DE PLAGAS. Factura de Julio 2018 a Septiembre de 2018	349,11	2019 920 22706
2018/3431	NO TEDEC	A 2018/A/180304	SOL SERVICIOS, OBRAS Y LIMPIEZAS, S.A.	REPARACIONES MAYORES DEL VEHÍCULO MUNICIPAL DE RECOGIDA DE R.S.U. C1373BW.	22.283,00	2019 1621 21400
2018/4783	2019/T003/000508	A 2018/A/180465	SOL SERVICIOS, OBRAS Y LIMPIEZAS, S.A.	SERVICIO DE RECOGIDA Y TRANSPORTE DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS DECEMBRO	13.016,66	2019 1621 22799
2018/4784	2019/T003/000509	531	CERNADAS MEIJIDE OSCAR (CARPAS CERNADAS)	ALUGUER CARPA NA SILVA	726,00	2019 338 20300
2018/4785	2019/T003/000510	18038	JOSE MOURO DUBRA	REPARACIONES CAMPO DE FUTBOL DE A SILVA	999,46	2019 342 21300
2018/4786	2019/T003/000511	18037	JOSE MOURO DUBRA	REPARACIONES CAMPO DE FUTBOL DE QUEIXAS	423,50	2019 342 21300
2018/4787	2019/T003/000512	18034	JOSE MOURO DUBRA	REPARACIONES CAMPO DE FUTBOL DE ENCROBAS	905,69	2019 342 21300
2018/4788	2019/T003/000513	18033	JOSE MOURO DUBRA	REPARACIONES CAMPO DE FUTBOL O ROXO	1.228,85	2019 342 21300
2018/4789	2019/T003/000514	18032	JOSE MOURO DUBRA	REPARACIONES CENTRO MEDICO A	148,83	2019 312 21300

				SILVA			
2018/4790	2019/T003/000515	18031	JOSE DUBRA MOURO	REPARACIONES XARDIN BOTANICO	2.217,93	2019	171 21300
2018/4792	2019/T003/000517	11665HH	GUADALUPE LINARES SANJURJO (REST MANOLITO)	COMIDAS ALCALDE PAGADA POR CAIXA	92,00	2019	912 22601
2018/4793	2019/T003/000518	SAV00201160015743	JOREOR, S.L.	PLACA HOMENAJE ANGEL FRAGA	45,00	2019	341 22601

Non obstante, o Concello está obrigado ó pagamento de ditos gastos, previa imputación dos mesmos ó orzamento municipal. O propio lexislador, contempla a imputación dos mesmos ó orzamento corrente, imputación en principio prohibida polo principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Xa neste ano 2019, a partir do 01/02/2019, tiveron entrada no rexistro municipal unha serie de facturas correspondentes a servizos e suministros realizados efectivamente durante o exercicio 2018, un total de 20 facturas, por importe total de 4.586,37 euros:

Rexistro	TEDEC	N.factura	Terceiro	Concepto	Importe	Partida
2019/414	2019/T003/000414	1 012690	AGROSILVA 2010, S.L.	MATERIAL XARDINERIA	38,30	2019 171 22199
2019/450	2019/T003/000450	1-7104	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	243,90	2019 912 22601
2019/451	2019/T003/000451	1-7033	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	312,40	2019 912 22601
2019/452	2019/T003/000452	1-6940	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	193,30	2019 912 22601
2019/453	2019/T003/000453	1-7413	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	494,70	2019 912 22601
2019/454	2019/T003/000454	1-7230	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	206,00	2019 912 22601
2019/455	2019/T003/000455	1-7182	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	118,30	2019 912 22601
2019/456	2019/T003/000456	1-7873	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	132,90	2019 912 22601
2019/457	2019/T003/000457	1-7792	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	145,60	2019 912 22601
2019/458	2019/T003/000458	1-7569	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	143,90	2019 912 22601
2019/459	2019/T003/000459	1-7731	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	151,70	2019 912 22601
2019/460	2019/T003/000460	1-7707	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	296,10	2019 912 22601
2019/461	2019/T003/000461	1-7630	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	200,00	2019 912 22601
2019/462	2019/T003/000462	1-7529	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	320,10	2019 912 22601
2019/463	2019/T003/000463	1-7931	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	424,90	2019 912 22601

			CERQUEIRO			
2019/464	2019/T003/000464	1-8376	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	166,10	2019 912 22601
2019/465	2019/T003/000465	1-8475	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	128,80	2019 912 22601
2019/466	2019/T003/000466	1-9204	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	510,30	2019 912 22601
2019/467	2019/T003/000467	1-9300	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	258,30	2019 912 22601
2019/1118	2019/T003/001129	FACVR024 18FV024/04610	EUROCONTROL, S.A.	Inspección reglamentaria de Baja Tensión:C. P. I. O CRUCE	100,77	2019 324 22699

Facturas todas elas, que, igual que sucede coas anteriores, deben aprobarse, sendo imputadas ó orzamento vixente, aínda que amporen gastos realizados no exercicio anterior.

Considerando necesario atender os gastos detallados para evitar o perxuízo dos terceiros contratantes coa administración, e o correlativo enriquecemento inxusto da mesma, e considerando a efectiva prestación dos servizos e suministros de bens polos mesmos, tal e como consta nas conformidades incorporadas a cada expediente de factura electrónica.

Dada a altura do exercicio na que nos atopamos, e que aínda estamos a traballar co orzamento prorrogado, é necesario realizar un expediente de modificación orzamentaria vía suplemento de créditos, que nos permita imputar os gastos ás partidas correspondentes, sen prexuízo nin limitación algunha para a realización das atencións do exercicio corrente.

Así, propónse a realización dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos de todas estas facturas, para proceder á súa aprobación, acompañado do correspondente expediente de modificación orzamentaria>>.

*\*Intervencións que se citan:*

*O voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Santos, pregunta polos 22.000 euros de gastos de reparación do camión da basura, si se sacou a contratación, e si houbo algún peritaxe. E despois fala sobre os gastos de organización protocolaria (comidas do Alcalde) e lee a relación das mesmas cos importes.*

*O concelleiro sr. Sanchez asegura que hai facturas que poden ser incongruentes co seu pago. Non hai informes sobre si é mellor arranxar o camión ou cambialo, tampouco se sabe por qué se pagan agora e non en 2018.*

*No relativo os gastos protocolarios, haberá que especificar en cada caso por qué é preciso comer con cargo aos presupostos municipais. As reunións fanse en despachos, aínda que pode haber causas nas que é inevitable ir comer. Ademais hai que especificar con quen se come.*

*Contesta o sr. Alcalde que é unha reparación moi grande e que esta corresponde o Concello, asegura que él non fixo nada neste tema. Recoñece que o procedemento non é axeitado pero que o gasto é xustificado.*

*No relativo as atencións protocolarios, asegura que en 2018, había 10.000 euros, e que nesa partida está incluída tamén os gastos derivados de entrega de premios. Manifesta que as veces é invitado e outras que invita él.*

*O voceiro do Grupo Municipal do PP, repón preguntandi quen fixo o peritaxe e si se fixo nun taller autorizado. Asegura que xa saben deses honores, pero que polo que lle preguntan é por esas comidas sempre no mesmo restaurante.*

*O concelleiro sr. Sanchez repón tamén que non lle contestou a si había ou non un informe técnico sobre si era mellor arranxar o camión ou cambialo. Dixo que non houbo procedemento e que queren saber por qué.*

*Contesta o Sr. Alcalde que él pensaba que non se podía pagar. A empresa conta con mecánicos e podía facelo, asegura que hai que ser comprensivo. O procedemento foi incorrecto.*

Finalizadas as intervencións, pola Presidencia se somete a proposta a votación ordinaria e resulta aprobada por sete votos favorables e cinco en contra.

**Cuarto. Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia da modificación de crédito 19/2019: Suplemento de crédito.**

A Presidencia da lectura da proposta ditaminada que se transcribe a continuación:

<<Á vista do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos incoado (2019/G006/000035), e debido á inexistencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento vixente, actualmente en situación de prórroga, esta alcaldía, de

conformidade co establecido na base de execución nº11 do presuposto, e dacordo co disposto no artigo 177 do TRLFL, e nos artigos 35 e seguintes do Real decreto 500/1990, se considera necesaria a aprobación polo Concello pleno do seguinte expediente de SUPLEMENTO DE CRÉDITOS:

Estado de gastos:

Partida Denominación Importe

2019 1621 21400	Residuos. Vehículos.	22.283,00
2019 1621 22799	Residuos. Recollida	13.220,66
2019 165 22199	Alumeado público. Outros suministros	6.425,03
2019 171 21300	Parques e xardíns. Instalacións.	2.217,93
2019 171 22199	Parques e xardíns. Outros suministros.	38,30
2019 312 21300	Centros de saúde. Instalacións	239,79
2019 312 22103	Centros de saúde. Combustible	558,77
2019 330 23120	Cultura. Dietas	63,65
2019 324 22699	Educación. Outros gastos	100,77
2019 334 22699	Promoción cultural. Outros gastos	282,00
2019 334 22799	Promoción cultural. Outros traballos	3.655,55
2019 338 20300	Festas populares. Alugueres	726,00
2019 341 22601	Promoción deportiva. Atencións protocolarias.	45,00
2019 341 22799	Promoción deportiva. Outros traballos	1.107,00
2019 342 21300	Instalacións deportivas. Maquinaria e instalacións	4.418,42
2019 342 22103	Instalacións deportivas. Combustibles	925,84
2019 450 22199	Infraestructuras. Outros suministros.	281,26
2019 912 22601	Órganos de goberno. Atencións protocolarias	4.539,30
2019 920 22200	Administración xeral. Servicios de telecomuncións.	1.794,75
2019 920 22700	Administración xeral. Limpeza e aseo	72,60
2019 920 22706	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos	349,11
2019 920 62500	Administración xeral. Mobiliario	703,29
TOTAL		64.048,02

Estado de ingresos (financiación):

Concepto de ingresos Denominación Importe  
870.00 R.L.T. (capacidade de financiación) 64.048,02

Segundo o establecido no artigo 177 do TRLFL, propoño ó Concello-Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 19/2019, de suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería, para aprobar as obrigas incluídas no recoñecemento xudicial mencionado.
2. Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserto no BOP, por quince días hábiles, durante os que os interesados ponderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se hubiesen presentado reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas
3. Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no tabión de anuncios e no BOP.
4. Remitir copia do expediente aprobado, e das reclamacións, á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.>>

*\*Intervencións que se citan:*

*Asegura o sr. Sanchez que non entende que haxa facturas presentadas no 2019. O procedemento non é o legamente establecido. Entende que deberían haberse presentado as facturas antes.*

*Responde o sr. Alcalde que non se pode obligar a presentar as facturas antes.*

Finalizadas as intervencións, pola Presidencia se somete a votación a proposta, que resulta aprobada por sete votos a favor e cinco en contra.

**Quinto. Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia da modificación de crédito 20/2019: Incorporación de remanente.**

Este asunto retírase da orde do día, na que foi incluída por erro ao no ser atribución do Concello Pleno.

Finalizados os asuntos, a Presidencia levanta a sesión, sendo oito horas e corenta e nove minutos do día da convocatoria, de todo canto eu, como Secretario dou fe.

O Alcalde  
Xeral  
José García Liñares  
Martínez Martínez

Secretario

Raúl